

A Chave 

Os nomes galegos dos musgos e fentos

2020

3ª ed.



Citación recomendada / Recommended citation:

A Chave (2020³): *Os nomes galegos dos musgos e fentos*. Xinzo de Limia (Ourense): A Chave.

https://www.achave.gal/wp-content/uploads/achave_osnomesgalegosdos_musgos_e_fentos_2020.pdf

Fotografía: fento das pedras (*Polypodium vulgare*). Autor: David Vilasís.

Esta obra está suxeita a unha licenza Creative Commons de uso aberto, con recoñecemento da autoría e sen obra derivada nin usos comerciais.

Resumo da licenza: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>.

Licenza completa: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode#languages>.

Notas introdutorias

O que contén este documento

Na primeira edición deste documento (2016) fornecéronse **denominacións para especies de musgos e fentos galegos (e) ou europeos, e tamén para algunhas das especies exóticas máis coñecidas** (xeralmente no ámbito divulgativo, por causa do seu interese científico ou industrial, ou por seren moi comúns noutras áreas xeográficas).

Na **segunda edición (2018)** engadíronse máis denominacións galegas e ampliáronse as referencias bibliográficas.

Nesta **terceira edición (2020)** incorpórase **o logo da Chave** ao deseño do documento, engádese algún **nome galego** máis e reescríbense as **notas introdutorias**. Máis completa que as anteriores, nesta nova edición achéganse **nomes galegos para 276 especies, contando todo xunto: musgos, fentos e aíns**.

A estrutura

En primeiro lugar preséntase unha **clasificación taxonómica** que considera as clases, ordes e familias de catro grandes divisións botánicas: **musgos (Briófitas), escamentas (Hepáticas ou Marcantiófitas), licopodios (Licófitas ou Licopodiófitas) e fentos (Pteridófitas)**. Nesta clasificación taxonómica, **de maneira xeral**, apúntanse **os nomes galegos das especies** que hai en cada familia.

A seguir vén **o corpo do documento**, unha listaxe onde se indica, **especie por especie, alén do nome científico, os nomes galegos e ingleses dos musgos, escamentas, licopodios e fentos** (nalgún caso, tamén, o nome xenérico para un grupo deles). Nesta listaxe específica, destácanse con fondo azul claro **as especies galegas**.

Ao final inclúese unha lista de **referencias bibliográficas** que foron utilizadas para a elaboración do presente documento. Nalgunhas desas referencias recóllense ou propóñense nomes galegos para este grupo botánico, quer xenéricos quer específicos. Outras referencias achegan nomes para os musgos e fentos noutras linguas, que tamén foron tidos en conta. Alén diso, inclúense algunhas referencias básicas a respecto da metodoloxía e dos criterios terminolóxicos empregados.

Tratamento terminolóxico : Bryophyta

No **acervo léxico galego** encontramos catro nomes xenéricos referidos a este grupo botánico: **musgo**, **carriza**, **brión** e **mofo**. O significado preciso destes nomes ou as recomendacións para o seu uso teñen suscitado diversidade de opinións no ámbito da terminoloxía galega. O criterio que aplicamos e recomendamos na Chave é o seguinte:

Musgo é a denominación máis xenérica ou xeral para as especies briófitas, tamén chamadas muscíneas. Orixínouse a partir do latín *muscu*. Ten a súa equivalencia en catalán con *molssa*, en castelán con *musgo*, en italiano con *muschio*, en francés con *mousse*, en inglés con *moss*, en alemán con *Moos* etc. (en portugués, igualmente **musgo**). En galego, ademais da forma **musgo**, existen as variantes **murgo** e **musco**, e tamén os verbos **enmusgarse**, **musgarse** ou **amusgarse** (encherse algo de musgo), **desenmusgarse** (quedar algo sen o musgo que tiña), **musgar** (tapar con musgo), **desenmusgar** (tirarlle o musgo a algo), e os adxectivos **enmusgado**, **amusgado** (todo cheo de musgo) e **musgoso** (cuberto de musgo ou relativo ao musgo).

Brión é unha designación tamén bastante xenérica, pero máis limitada: é propia dos **musgos** que medran na casca das árbores, como fan, por exemplo, *Antitrichia curtipendula* (familia **Leucodontaceae**). En terminoloxía botánica, os brións reciben o nome de briófitos epífitos.

Carriza é unha designación xenérica para **musgos** que medran en lugares moi húmidos, particularmente na beira dos ríos, por riba de pedras lenturentas ou en troncos zumegantes de árbores. Por exemplo, son caracteristicamente **carrizas** as especies do xénero *Fontinalis* (familia **Fontinalaceae**). En galego existen ademais os adxectivos **carriceiro** (relativo á carriza) e **carricento** (pode significar cuberto de carriza ou relativo á carriza).

Por outra banda, **mofo**, aínda que sexa empregado tamén como sinónimo de **musgo** no galego de Asturias e León e en parte de Lugo, é propiamente sinónimo de **balor**, ou sexa, **fungos** que se desenvolven na materia orgánica formando unha capa algodonosa. Ten a súa equivalencia en catalán con *floritura*, en castelán con *moho*, en italiano con *muffa*, en francés con *moisi* e *moisissure*, en inglés con *mold* ou *mould*, en alemán con *Schimmel* (en portugués, **mofo** e **bolor**). Para evitarmos confusións, e por ser ademais **mofo** un sinónimo de **balor**, na Chave **non recomendamos o uso estándar ou formal de mofo para designarmos as especies de musgos**.

Outros nomes xenéricos usados para este grupo botánico adóptanse en galego da **taxonomía científica**, **en latín**, de modo paralelo ás denominacións desas especies noutras linguas (por vía de regra, non existen denominacións vernáculas para esas briófitas). Así, nomes como **esfagno** para as especies do xénero *Sphagnum* (familia **Sphagnaceae**), **bartramia** para as especies do xénero *Bartramia* (familia **Bartramiaceae**), **funaria** para as especies do xénero *Funaria* (familia **Funariaceae**) ou **dawsonia** para as especies do xénero *Dawsonia* (familia **Polytrichaceae**).

Para denominacións máis específicas, recorreuse aos **nomes científicos** das especies, **en latín**, como igualmente teñen feito noutras linguas. Así, denominacións como **musgo cupresino** para *Hypnum cupressiforme*, **musgo nu** para *Discelium nudum*, **musgo córnico** para *Ditrichum cornicum*, **musgo de Holt** para *Isoetecium holtii* etc., algunhas xa usadas en galego nos ámbitos divulgativos e tamén en portugués.





Un outro recurso para fornecermos os nomes galegos das especies briófitas foi a **lusofonía**, seguíndomos o criterio recollido nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (RAG e ILG) do ano 2004: “Para o arriquecemento do léxico culto, nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, **o portugués será considerado recurso fundamental**, sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego”. Deste xeito adaptáronse e incorporáronse algunhas denominacións como **musgo chorón** para *Vesicularia ferriei*, **musgo do Nadal** para *Vesicularia montagnei*, **musgo alxibeira** para as especies do xénero *Fissidens* (familia **Fissidentaceae**) e **musgón** para algunhas especies do peculiar xénero *Polytrichum* (familia **Polytrichaceae**).

Para alén diso, para algunhas especies relativamente coñecidas, cando menos nos ámbitos divulgativos, aplicáronse os mesmos nomes que, coincidentes, son usados **en diversos idiomas**. Por exemplo, **musgo de Xava** para *Taxiphyllum barbieri*, **musgo luminoso** para *Schistostega pennata* (denominación xa empregada en galego), **musgo dos uzais** para *Hypnum jutlandicum*, **musgo vasoira** para *Dicranum scoparium* etc., que noutros idiomas teñen estes mesmos nomes ou modificadores.

Tratamento terminolóxico : Hepaticophyta ou Marchantiophyta

No **acervo léxico galego**, de maneira xenérica, as especies hepáticas ou marcantiófitas reciben dous nomes: **escamenta** ou **follas das pedras**, por causa –como explica Silverio Cañada– da súa forma ou da súa localización. Neste recurso léxico inclúense nomes galegos específicos para catro especies destacadas na nosa terra, usando a denominación xenérica **escamenta** (que sería paralela á inglesa *liverwort* ou *scalewort*):

Pellia epiphylla: **escamenta común**. Algunhas denominacións inglesas de *Pellia epiphylla* tamén fan referencia a que é unha especie común: *common liverwort* e *common pellia*.

Frullania oakesiana: **escamenta de Oakes**. O modificador **de Oakes**: na honra do botánico norteamericano William Oakes (1799-1848), como tamén indica o xénero científico (*oakesiana*). O nome inglés desta hepática é *Oakes' scalewort*, igualmente por este motivo.

Targionia hipophylla: **escamenta de Targioni**. O modificador **de Targioni**: na honra do botánico florentino G. Targioni Tozzetti (1712-1783), como tamén indica o xénero científico (*Targionia*). O nome francés desta hepática é *targionie*, igualmente por este motivo.

Lunularia cruciata: **escamenta da lúa**. O modificador **da lúa**: por ter uns chamativos botóns en forma de lúa de fouce, como tamén apunta o xénero científico (*Lunularia*). Os nomes desta especie noutras linguas tamén aluden a esta característica (francés: *lunulaire*; inglés: *crescent-cup liverwort*).

Tratamento terminolóxico : Lycophyta ou Lycopodiophyta

Os nomes xenéricos galegos para as especies deste grupo botánico derivan principalmente da **nomenclatura científica, en latín**, do mesmo modo que as denominacións que teñen estas especies noutras linguas (así mesmo, en portugués):

.- **licopodio**, como nome xenérico para as especies deste grupo e, en particular, para as especies do xénero *Lycopodium* (familia **Lycopodiaceae**);

.- **selaxinela**, para as especies do xénero *Selaginella* (familia **Selaginellaceae**);

.- **isoetes**, para as especies do xénero *Isoetes* (familia **Isoetaceae**).

Os nomes específicos galegos, en moitos casos, aluden directamente ao **nome latino científico, en latín**, como igualmente acontece para estas especies noutros idiomas: **licopodio dos lamazais** para *Lycopodiella inundata*; **licopodio selago** para *Huperzia selago*; **selaxinela de Krauss** para *Selaginella kraussiana*; **isoetes setáceo** para *Isoetes setaceum* (setáceo: con sedas, ou con estruturas semellantes a sedas); **isoetes de Durieu** para *Isoetes durieui*; **isoetes ribeiriño** para *Isoetes riparia* etc.

Para algunhas especies coñecidas nos ámbitos divulgativos, os seus nomes son **os mesmos que, coincidentes, reciben en varios idiomas**. Así, por exemplo, **rosa do deserto, falsa rosa de Xericó** ou **planta da resurrección** para *Selaginella lepidophylla*; **selaxinela arco iris** ou **selaxinela arco da vella** para *Selaginella uncinata*; **isoetes dos areais** para *Isoetes histrix*; **fento azul** para *Selaginella willdenowii* (neste caso como nome secundario de **selaxinela de Willdenow**, xa que non é propiamente un fento, a pesar de ser esa unha denominación popular da especie); **licopodio común** para *Lycopodium clavatum* etc.

Para o endemismo galego *Isoetes fluitans* preséntase para a terminoloxía botánica a denominación **isoetes galego**.

Tratamento terminolóxico : Pteridophyta

Procurouse en primeiro lugar nos **nomes vernáculos**. No **acervo léxico galego** existe unha chea de **nomes xenéricos** para este grupo botánico: **fento, fenta, fenteiro, fenteira, fentaña** (ou **fentalla**), **feito, feita, felgo, folgueiro, folgueira** etc. No galego de Asturias, alén de **folgueiro** e **folgueira**, tamén a forma **folgueirón**.

No entanto, non todos os nomes son igualmente xenéricos nin son usados do mesmo modo. As dúas denominacións máis xenéricas –e sinónimas– son **fento** e **feito**. As outras, aínda que tamén xenéricas, ás veces poden ser usadas para un grupo de especies máis concreto. Así, por exemplo, **folgueira** está con





máis frecuencia referida a especies dos xéneros *Dryopteris*, *Pteridium* e *Polypodium*; **fentaña** (ou **fentalla**) con máis frecuencia referida ás especies do xénero *Polystichum*; ou **folgueirón**, no galego de Asturias, maiormente referido ao xénero *Polypodium*. O nome **fenta**, por exemplo, é ben propio da especie *Blechnum spicant*, aínda que tamén é usado para *Athyrium filix-femina* (máis coñecida como **fento femia**) ou para outras especies engadindo algún modificador, como **fenta pequeniña**, un dos nomes de *Ceterach officinarum* (máis coñecida por **douradiña** ou **fento de ouro**). Outras denominacións xenéricas, como **rabo de cabalo** ou **xestela**, están referidas só as especies do xénero *Equisetum*.

Existen ademais varios nomes vernáculos para os lugares onde abundan os fentos, como **fental**, **fenteira**, **fieital**, **felgueira**, **filgueira**, **folgueiral**, **folgueira** ou **folgoso**, e mesmo unha denominación galega, **fronde**, para a característica folla do fento.

Para alén do devandito, hai tamén en galego **nomes vernáculos específicos**, referidos exclusivamente a unha especie deste grupo botánico, como **fento das boticas** para *Asplenium trichomanes*, **fento de cabelíño** ou **fento do cabelíño** para *Culcita macrocarpa*, **fento femia** para *Athyrium filix-femina*, **fento macho** para *Dryopteris filix-mas*, **fento das pedras** para *Polypodium vulgare*, **douradiña** ou **fento de ouro** para *Ceterach officinarum*, **cabriña** para *Davallia canariensis*, **cerviña** ou **lingua cerviña** –entre outros– para *Phyllitis scolopendrium* etc. Todos eles inclúense no presente recurso léxico.

Outro recurso foi a **lusofonía**, seguíndomos o criterio recollido nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (RAG e ILG) do ano 2004: “Para o arriquecemento do léxico culto, nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, **o portugués será considerado recurso fundamental**, sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego”. Deste xeito incorporáronse ou adaptáronse algunhas denominacións como **fento redondo** para *Adiantum reniforme*, **fento da nostalgia** para *Asplenium bulbiferum*, **fento de folla de hedra** para *Asplenium hemionitis*, **fentiño** para *Asplenium billotii*, **fento anual** para *Anogramma leptophylla*, **fento de Cosentini** para *Cosentinia vellea*, **fento de palma** para *Pteris incompleta*, **fento pata de galiña** para *Adiantum hispidulum*, **cornos de veado** para as especies do xénero *Platycterium*, **escadiña do ceo** para *Nephrolepis cordifolia*, **fentos das rochas** para as especies do xénero *Cheilanthes* etc., recollidos neste recurso léxico como sinónimos doutros nomes ou como nome principal, segundo as especies.

Para especies relativamente coñecidas, cando menos nos ámbitos divulgativos, aplicáronse os mesmos nomes que, coincidentes, teñen **en diversos idiomas**. Así, por exemplo, **fento niño de ave** ou **fento niño de paxariños** para *Asplenium nidus* (indicado ademais no nome científico e así mesmo chamado en portugués), **fentaña lanceolada** para *Polystichum lonchitis*, **fentaña de coiro** para *Rumohra adiantiformis* etc., que noutros idiomas son denominados con estes mesmos nomes ou modificadores.

Un outro recurso foi recorrer ao **nomes científicos, en latín**, de modo paralelo ás denominacións desas especies noutras linguas. Nomes xenéricos como **salvinia** para as especies do xénero *Salvinia*, **azola** para as especies do xénero *Azolla* etc., ou específicos como **fento diáfano** para *Cystopteris diaphana*, **fento mariño** para *Asplenium marinum* etc., algúns xa usados en galego nos ámbitos divulgativos e tamén noutros idiomas.





Ademais, adoptáronse **nomes vernáculos indíxenas para algunhas especies exóticas**. Por un lado, algúns proceden da **lingua tupí**, como por exemplo **samambaia**, para as especies suramericanas do xénero *Nephrolepis*, e **xaxín** para *Dicksonia sellowiana* e en xeral para os fentos arborescentes suramericanos, en correspondencia co uso destes nomes no portugués do Brasil (nalgún caso tamén algunha denominación específica brasileira, como **xaxín espiñento** para *Cyathea phalerata*). Por outro lado, tamén se recolle do maorí a denominación **mamaku** para *Sphaeropteris medullaris* (= *Cyathea medullaris*), igualmente usada en moitos outros idiomas como nome desta especie.

Finalmente, rexeitouse algunha denominación que foi identificada como **castelanismo**. Nomeadamente, as formas **cuanthro*, **cuantriño*, **cuandro*, **cuadrillo*, **colandrillo* ou similares, para as especies do xénero *Adiantum* (do castelán *culantro* e *culantrillo*) e déuselles preferencia aos nomes **capilaria** e **adianto**, tamén usados en galego para estas especies.

Especies con máis dun nome

No que atinxe aos nomes dos musgos e fentos, a lingua galega sorpréndenos cunha chea de nomes vernáculos, para alén de se teren engadido denominacións no ámbito botánico galego especializado. Por iso, ás veces hai máis dun nome para unha única especie. Imos apuntar dous casos:

.- Unha especie con máis dun nome: **fento das pedras**, **fento dos valos** e **polipodio común**, por exemplo, para *Polypodium vulgare*

.- Un grupo de especies con máis dun nome xenérico: **rabo de cabalo**, **xestela**, **chifre**, **herba estañeira**, **herba canuda** e **equiseto**, por exemplo, para as especies do xénero *Equisetum*.

Todos os nomes achegados neste documento son correctos, pódese usar calquera deles. Usar un ou outro, ou facer referencia a máis dun deles, depende do contexto e do criterio de cada persoa.

Recoméndase, porén, o primeiro nome como preferente; o seguinte –ou seguintes– aparecen marcados coa abreviatura **sin.**, que indica que son **sinónimos** do primeiro, que sería o principal, segundo os criterios da Chave. Nos exemplos dados, os preferentes serían, respectivamente, **fento das pedras** e **rabo de cabalo**, por seren os máis usados ou os máis coñecidos, aínda que, como dicimos, calquera deles é válido, e dependería do contexto e do criterio de cada persoa usar un ou outro nome, ou facer referencia a máis dun deles.

O mesmo nome para varias especies diferentes: dentabrú

En galego, do mesmo modo que acontece en todas as linguas do mundo, un nome pode designar varias especies botánicas que son parecidas.

Un caso particular é o uso do nome **dentabrú** ou as variantes **dentabrún** e **dentabruño** para *Osmunda regalis* (**Osmundaceae**) e así mesmo para *Dryopteris filix-mas* (**Dryopteridaceae**). Ambas as especies teñen outros nomes galegos, que ademais son exclusivos. Tanto para unha como para a outra, A Chave recomenda como nome galego principal o que é diferente de **dentabrú**: **fento real** como preferente para *Osmunda regalis*, e **fento macho** como preferente para *Dryopteris filix-mas*. **Dentabrú** e as súas variantes preséntanse como denominacións sinónimas ou secundarias para ambas as dúas especies.

Agradecemento

O equipo da Chave quiere expresar o seu **agradecemento** a **todas as persoas** que a través da sección **contacte** do sitio web envían **comentarios, suxestións, puntualizacións...** a respecto dos contidos dos recursos léxicos sobre a fauna e a flora. Todas as opinións son lidas con atención e interese. Aínda que non todas son tidas en conta, algunhas serven para puír ou enriquecer o xa publicado, e nalgún caso mesmo nos levaron a unha nova edición do documento. Moitas grazas, e animamos a todos os usuarios/as a continuar con esta retroalimentación positiva e construtiva.

Así mesmo e de maneira particular, queremos agradecer a **colaboración do David Vilasís**, que achegou a **fotografía do fento das pedras** (*Polypodium vulgare*) para a ilustración d' *Os nomes galegos dos musgos e fentos*.

Á procura do nome galego dun musgo ou dun fento neste documento

Para consultarmos axiña o nome galego dun musgo, dun fento ou dalgunha outra especie deste grupo botánico na que poidamos estar interesados:

Se sabemos o seu nome científico, unha boa opción é ter o recurso léxico descargado en **formato PDF e introducir no buscador do PDF o nome latino do xénero** dese musgo ou dese fento, que é o primeiro dos que forman o seu nome científico. Ao clicarmos no xénero latino introducido no buscador, vainos aparecer onde é que está ese xénero no documento, destacándoo con algún tipo de sombreado. Se estamos na listaxe específica, o nome do xénero verémolo na esquerda da fila, e ao lado, no centro da fila, veremos o seu nome en galego, con letra máis grande e azul.

Pode ser que atopemos varios musgos ou fentos co mesmo xénero latino: daquela hai que saber **o nome latino completo, o xénero e mais a especie**, para achar o nome galego do que nos interesa.

Outra opción é se coñecemos **o nome inglés dese musgo ou dese fento**: podemos escribilo no **buscador do PDF** e vannos ir aparecendo os nomes dos musgos ou fentos que teñan ese nome en inglés (á beira, no centro da fila, con letra máis grande e azul, habemos atopar o seu nome en galego).

Por moitos e diversos motivos, non se inclúen os **nomes en castelán dos musgos e fentos**. Para sabermos cal é a correspondencia entre o nome castelán dun musgo ou dun fento e o nome galego, necesitamos coñecer **o seu nome científico**. Así, por exemplo, o fento que en castelán se chama *davalia* ou *helecho pata de conejo* ten o nome científico *Davallia canariensis*; se escribimos *Davallia canariensis* no **buscador do PDF** aparécenos o lugar do documento onde se encontra ese nome científico, e á beira, no centro da fila, atopamos o seu nome en galego: **cabriña**.

Co **buscador do PDF** tamén podemos procurar o nome dunha **familia**. Así, por exemplo, se escribimos **Pteridaceae** (ou se escribimos **Pteridáceas**), aparécenos o lugar do documento onde se encontra o nome desta familia: na **listaxe da clasificación taxonómica** (no inicio do documento) ou na **listaxe das especies** (no corpo propiamente do documento). Clicando outra vez no buscador, imos dun lugar para o outro.

Musgos. División: Briófitas ou Briófitos (Bryophyta)

Clase: Briópsidas (Bryopsida)

Orde: Funariais (Funariales)

Familia: **Disceliáceas** (Disceliaceae) : musgo nu

Familia: **Funariáceas** (Funariaceae) : funarias

Orde: Hookeriais (Hookeriales)

Familia: **Hookeriáceas** (Hookeriaceae) : carriza reluciente

Orde: Hipnais (Hypnales)

Familia: **Hipnáceas** (Hypnaceae) : musgos

Familia: **Fontinaláceas** (Fontinalaceae) : carrizas

Familia: **Braquitectiáceas** (Brachytheciaceae) : musgos, carrizas

Familia: **Amblistexiáceas** (Amblystegiaceae) : carrizas

Orde: Dicranais (Dicranales)

Familia: **Esquistostegáceas** (Schistostegaceae) : musgos

Familia: **Ditricáceas** (Ditrichaceae) : musgos

Familia: **Fisidentáceas** (Fissidentaceae) : musgos alxibeira

Familia: **Dicranáceas** (Dicranaceae) : musgos

Familia: **Leucodontáceas** (Leucodontaceae) : brións

Orde: Potiais (Pottiales)

Familia: **Potiáceas** (Pottiaceae) : musgos, brións

Orde: Briaais (Bryales)

Familia: **Briáceas** (Bryaceae) : musgos

Familia: **Mniáceas** (Mniaceae) : carrizas

Orde: **Esplacnais** (Splachnales)

Familia: **Esplacnáceas** (Splachnaceae) : **esplacnos**

Orde: **Bartramiais** (Bartramiales)

Familia: **Bartramiáceas** (Bartramiaceae) : **bartramias**

Clase: **Esfagnópsidas** (Sphagnopsida)

Orde: **Esfagnais** (Sphagnales)

Familia: **Esfagnáceas** (Sphagnaceae) : **esfagnos**

Clase: **Politricópsidas** (Polytrichopsida)

Orde: **Politricais** (Polytrichales)

Familia: **Politricáceas** (Polytrichaceae) : **musgóns, dawsonias**

Escamentas. División: Hepáticas ou Marcantiófitas (Hepaticophyta ou Marchantiophyta)

Clase: Xunxermaniósidas (Jungermanniopsida)

Orde: Peliáis (Pelliales)

Familia: Peliáceas (Pelliaceae) : escamentas

Orde: Porelais (Porellales)

Familia: Frulaniáceas (Frullaniaceae) : escamentas

Clase: Marcantiósidas (Marchantiopsida)

Orde: Marcantiais (Marchantiales)

Familia: Tarxioniáceas (Targioniaceae) : escamentas

Familia: Lunulariáceas (Lunulariaceae) : escamentas

Licopodios. División: Licófitas ou Licopodiófitas
(Lycophyta ou Lycopodiophyta)

Clase: **Licopodiópsidas** (Lycopodiopsida)

Orde: **Licopodiais** (Lycopodiales)

Familia: **Licopodiáceas** (Lycopodiaceae) : **licopodios**

Clase: **Isoetópsidas** (Isoetopsida)

Orde: **Selaxinelais** (Selaginellales)

Familia: **Selaxineláceas** (Selaginellaceae) : **selaxinelas, rosa do deserto**

Orde: **Isoetais** (Isoetales)

Familia: **Isoetáceas** (Isoetaceae) : **isoetes**

Fentos. División: Pteridófitas (Pteridophyta)

Clase: Pteridópsidas (Pteridopsida)

Orde: Ciateais (Cyatheaales)

Familia: **Dicksoniáceas** (Dicksoniaceae) : fentos arbóreos (ou fentos arborescentes)

Familia: **Ciateáceas** (Cyatheaceae) : xaxíns

Familia: **Culcitáceas** (Culcitaceae) : fentos de cabeliño

Orde: Polipodiais (Polypodiales)

Familia: **Pteridáceas** (Pteridaceae) : capilarias, fentos, fentos das rochas

Familia: **Cistopteridáceas** (Cystopteridaceae) : fentos vesiculosos

Familia: **Atiriáceas** (Athyraceae) : fentos femia

Familia: **Aspleniáceas** (Aspleniaceae) : fentos, fentiño, ruda dos muros, douradiña, cerviña

Familia: **Onocleáceas** (Onocleaceae) : fento avestruz

Familia: **Polipodiáceas** (Polypodiaceae) : fentos, cornos de veado

Familia: **Davaliáceas** (Davalliaceae) : cabriña

Familia: **Driopteridáceas** (Dryopteridaceae) : fentos macho, fentos, fentañas (ou fentallas)

Familia: **Blechnáceas** (Blechnaceae) : fentos de botón, fentas

Familia: **Dennstedtiáceas** (Dennstaedtiaceae) : fentos

Familia: **Telipteridáceas** (Thelypteridaceae) : fentos

Familia: **Nefrolepidáceas** (Nephrolepidaceae) : samambaias

Orde: Himenofilais (Hymenophyllales)

Familia: **Himenofiláceas** (Hymenophyllaceae) : fentos membranosos

Orde: Osmundais (Osmundales)

Familia: **Osmundáceas** (Osmundaceae) : fento real

Orde: Salviniais (Salviniales)

Familia: **Salviniáceas** (Salviniaceae) : azolas, salvinias

Familia: **Marsiláceas** (Marsilaceae) : pilularias, trevos da auga (ou trevos de catro follas)

Clase: **Equisetópsidas** (Equisetopsida)

Orde: **Equisetais** (Equisetales)

Familia: **Equisetáceas** (Equisetaceae) : rabos de cabalo (ou xestelas)

Clase: **Psilotópsidas** (Psilotopsida)

Orde: **Ofioglosais** (Ophioglossales)

Familia: **Ofioglosáceas** (Ophioglossaceae) : linguas de cobra

Familia: **Botriquiáceas** (Botrychiaceae) : lunarias

Orde: **Psilotais** (Psilotales)

Familia: **Psilotáceas** (Psilotaceae) : fento nu

Musgos. División: Briófitos ou Briófitas (Bryophyta)

especie galega

Clase: Briópsidas (Bryopsida)

Orde: Funariais (Funariales)		
Familia: Disceliáceas (Disceliaceae) : musgo nu		
<i>Discelium nudum</i>	musgo nu	flag-moss

Familia: Funariáceas (Funariaceae) : funarias		
<i>Funaria</i> spp.	funarias	cord mosses funaria mosses
<i>Funaria hygrometrica</i>	funaria común (ou funaria higrométrica)	common cord-moss cord moss bonfire moss bonfire-moss

Orde: Hookeriais (Hookeriales)		
Familia: Hookeriáceas (Hookeriaceae) : carriza relucente		
<i>Hookeria lucens</i>	carriza relucente	shining hookeria clear moss

Orde: Hipnais (Hypnales)

Familia: Hipnáceas (Hypnaceae) : musgos

<i>Taxiphyllum barbieri</i> (= <i>Vesicularia dubyana</i>)	musgo de Xava	Java moss
<i>Vesicularia ferriei</i>	musgo chorón	weeping moss
<i>Vesicularia montagnei</i>	musgo do Nadal	Christmas moss
<i>Hycomium armoricum</i> (= <i>Hycomium flagellare</i>)	musgo flaxelado	flagellate feather-moss
<i>Hypnum cupressiforme</i>	musgo cupresino sin.: musgo dos colchóns	cypress-leaved plait-moss cypress-leaved plaitmoss
<i>Hypnum jutlandicum</i>	musgo dos uzais	heath plait-moss

Familia: Fontinaláceas (Fontinalaceae) : carrizas

<i>Fontinalis antipyretica</i>	carriza común sin.: carriza antifebre sin.: carriza antipirética	common water moss greater water moss widow moss antifever fontinalis moss
<i>Fontinalis squamosa</i>	carriza da montaña	alpine water moss

Familia: Braquiteciáceas (Brachytheciaceae) : musgos, carrizas

<i>Brachythecium velutinum</i> (= <i>Brachytheciastrum velutinum</i>)	musgo aveludado	velvet feather-moss velvet ragged moss
<i>Isoetecium holtii</i>	musgo de Holt	Holt's mouse-tail moss
<i>Isoetecium myosuroides</i>	musgo rabo de rato sin.: brión rabo de rato	slender mouse-tail moss tree moss
<i>Platyhypnidium riparioides</i> (= <i>Rhynchostegium riparioides</i>) (= <i>Eurhynchium riparioides</i>)	carriza bicuda	long-beaked water feather-moss

Familia: Amblistexiáceas (Amblystegiaceae) : carrizas

<i>Leptodictyum riparium</i> (= <i>Amblystegium riparium</i>)	carriza de Kneiff	Kneiff's feather-moss streamside leptodictyum moss knapwort
<i>Palustriella commutata</i> (= <i>Cratoneuron commutatum</i>) (= <i>Cratoneuron falcatum</i>) (= <i>Hypnum commutatum</i>) (= <i>Hypnum falcatum</i>)	carriza farpada	curled hook-moss

Familia: Leucodontáceas (Leucodontaceae) : brións

<i>Antitrichia curtipendula</i>	brión pendente	pendulous wing moss hanging moss antitrichia moss
<i>Antitrichia californica</i>	brión da California	California antitrichia moss

Orde: Dicranais (Dicranales)

Familia: Esquistostegáceas (Schistostegaceae) : musgos

<i>Schistostega pennata</i>	musgo luminoso	goblin's gold goblin gold luminous moss luminescent moss Dragon's gold
-----------------------------	----------------	--

Familia: Ditricíceas (Ditrichaceae) : musgos

<i>Ditrichum cornubicum</i>	musgo córnico	Cornish path-moss
<i>Ditrichum heteromallum</i> (= <i>Weissia heteromalla</i>) (= <i>Ditrichum zonatum</i>)	musgo de Hedwig	curve-leaved ditrichum curve-leaved cow-hair moss
<i>Ditrichum subulatum</i>	musgo de Hampe	awl-leaved ditrichum

Familia: Fisidentáceas (Fissidentaceae) : musgos alxibeira

<i>Fissidens adianthoides</i>	musgo alxibeira guedelludo	maidenhair moss maidenhair pocket-moss
<i>Fissidens bryioides</i>	musgo alxibeira pequeno	lesser pocket-moss
<i>Fissidens cristatus</i> (= <i>Fissidens dubius</i>)	musgo alxibeira das pedras	rock pocket-moss
<i>Fissidens curnowii</i>	musgo alxibeira de Curnow	Curnow pocket-moss
<i>Fissidens curvatus</i>	musgo alxibeira portugués	Portuguese pocket-moss
<i>Fissidens incurvus</i>	musgo alxibeira de folla pequena	short-leaved pocket-moss
<i>Fissidens monguillonii</i> (= <i>Fissidens monguillonii</i>)	musgo alxibeira de Monguillon	Atlantic pocket-moss
<i>Fissidens polyphyllus</i>	musgo alxibeira folloso	many-leaved pocket-moss
<i>Fissidens rivularis</i>	musgo alxibeira ribeiriño	river pocket-moss
<i>Fissidens serrulatus</i>	musgo alxibeira dentado	large Atlantic pocket-moss
<i>Fissidens taxifolius</i> var. <i>pallidicaulis</i>	musgo alxibeira grande	great pocket-moss
<i>Fissidens taxifolius</i> var. <i>taxifolius</i>	musgo alxibeira folla de teixo	common pocket-moss
<i>Fissidens viridulus</i>	musgo alxibeira verde	green pocket-moss

Familia: Dicranáceas (Dicranaceae) : musgos		
<i>Campylopus atrovirens</i>	musgo agulleiro	bristly swan-neck moss
<i>Campylopus flexuosus</i>	musgo ferruxento	rusty swan-neck moss
<i>Campylopus introflexus</i> (introducido: especie invasiva)	musgo cacto	heath star moss
<i>Campylopus pilifer</i>	musgo erizado	stiff swan-neck moss
<i>Campylopus schimperi</i>	musgo de Schimper	Schimper's swan-neck moss
<i>Cynodontium bruntonii</i>	musgo de Brunton	Brunton's dog-tooth
<i>Dicranum scoparium</i>	musgo vasoira	broom forkmoss broom fork-moss
<i>Dicranum scottianum canariense</i> (= <i>Orthodicranum scottianum</i>)	musgo de Scott	Scott's forkmoss Scott's fork-moss

Orde: **Potiais** (Pottiales)

Familia: **Potiáceas** (Pottiaceae) : musgos, brións

<i>Tortula freibergii</i>	musgo de Freiberg sin.: carriza de Freiberg	Freiberg's screw-moss
<i>Tortula marginata</i>	musgo marxinado sin.: carriza marxinada	bordered screw-moss
<i>Tortula muralis</i>	musgo das paredes	wall screw-moss
<i>Tortula subulata</i>	musgo asubelado sin.: carriza asubelada	awl-leaved screw-moss
<i>Syntrichia laevipila</i> (= <i>Tortula laevipila</i>)	brión piloso	small hairy screw-moss
<i>Syntrichia papillosa</i> (= <i>Tortula papillosa</i>)	brión papiloso	marble screw-moss

Orde: Briais (Bryales)

Familia: Briáceas (Bryaceae) : musgos

<i>Bryum alpinum</i>	musgo alpino	alpine thread-moss
<i>Bryum argenteum</i>	musgo arxénteo	silver-moss
<i>Bryum caespiticium</i>	musgo topetudo	tufted thread-moss
<i>Bryum capillare</i>	musgo capilar	capillary thread-moss
<i>Bryum dixonii</i>	musgo de Dixon	Dixon's thread-moss
<i>Bryum donianum</i>	musgo de Don	Don's thread-moss
<i>Bryum flaccidum</i>	musgo flácido	
<i>Bryum longisetum</i> var. <i>Labradorensis</i>	musgo do Labrador	Labrador bryum moss
<i>Bryum pseudotriquetrum</i>	musgo pseudotriangular	common green bryum moss marsh bryum
<i>Bryum uliginosum</i>	musgo ulixinoso	cernuous thread-moss swamp bryum
<i>Schizymerium pontevedrensis</i> (= <i>Mielichhoferia pontevedrensis</i>)	musgo de Pontevedra	

Familia: Mniáceas (Mniaceae) : carrizas

<i>Plagiomnium undulatum</i> (= <i>Mnium undulatum</i>)	carriza ondulada	hart's-tongue thyme moss hart's-tongue thyme-moss
---	------------------	--

Orde: Esplacnais (Splachnales)		
Familia: Esplacnáceas (Splachnaceae) : esplacnos		
<i>Splachnum ampullaceum</i>	esplacno de ampolas sin.: musgo de ampolas	cruent collar-moss small capsule dung moss
<i>Splachnum luteum</i>	esplacno de antucas amarelas sin.: musgo de antucas amarelas	yellow collar-moss yellow dung moss yellow moosedung moss
<i>Splachnum rubrum</i>	esplacno de antucas rosas sin.: musgo de antucas rosas	umbrella moss petticoat moss brilliant red dung moss
<i>Splachnum sphaericum</i>	esplacno de bochas sin.: musgo de bochas	round-fruited collar-moss pinkstink dung moss

Orde: Bartramiais (Bartramiales)		
Familia: Bartramiáceas (Bartramiaceae) : bartramias		
<i>Bartramia halleriana</i>	bartramia de Haller	Haller apple-moss
<i>Bartramia pomiformis</i>	bartramia común	apple moss
<i>Bartramia stricta</i>	bartramia irta	rigid apple-moss

Clase: Esfagnópsidas (Sphagnopsida)

Orde: Esfagnais (Sphagnales)		
Familia: Esfagnáceas (Sphagnaceae) : esfagnos		
<i>Sphagnum</i> spp.	esfagnos	peat mosses bog-mosses sphagnums
<i>Sphagnum affine</i>	esfagno imbricado	imbricate bogmoss
<i>Sphagnum angermanicum</i>	esfagno de Angerman	Angerman's peat moss
<i>Sphagnum angustifolium</i>	esfagno de folla estreita	fine bogmoss narrowleaf peat moss narrowleaf peatmoss
<i>Sphagnum auriculatum</i> (= <i>Sphagnum subsecundum</i> var. <i>auriculatum</i>) (= <i>Sphagnum denticulatum</i>)	esfagno lobulado	cow-horn bog-moss
<i>Sphagnum calpillifolium</i>	esfagno vermello	small red peat moss red bog-moss
<i>Sphagnum compactum</i>	esfagno compacto	compact bog-moss low sphagnum low sphagnum moss
<i>Sphagnum cuspidatum</i>	esfagno dentado	feathery bogmoss toothed sphagnum toothed peat moss
<i>Sphagnum fimbriatum</i>	esfagno orlado	fringed bogmoss fringed bog-moss
<i>Sphagnum fuscum</i>	esfagno ferruxento	rusty bog-moss rusty bogmoss rusty peat moss
<i>Sphagnum inundatum</i> (= <i>Sphagnum auriculatum</i> var. <i>inundatum</i>) (= <i>Sphagnum subsecundum inundatum</i>)	esfagno dos lamazais	lesser cow-horn bog-moss water sphagnum

<p><i>Sphagnum magellanicum</i> (= <i>Sphagnum amoenum</i>) (= <i>Sphagnum andinum</i>) (= <i>Sphagnum aureum</i>) (= <i>Sphagnum cymbifolium</i> var. <i>magellanicum</i>) (= <i>Sphagnum grandirete</i>) (= <i>Sphagnum loricatum</i>) (= <i>Sphagnum medium</i>) (= <i>Sphagnum monzonense</i>) (= <i>Sphagnum palustre magellanicum</i>) (= <i>Sphagnum palustre</i> var. <i>medium</i>) (= <i>Sphagnum rigescens</i>) (= <i>Sphagnum stewartii</i>) (= <i>Sphagnum tursum</i>) (= <i>Sphagnum vesiculare</i>) (= <i>Sphagnum wallisii</i>)</p>	<p>esfagno de Magalláns</p>	<p>Magellanic bogmoss Magellan's sphagnum Magellan's peatmoss midway peat moss</p>
<p><i>Sphagnum molle</i></p>	<p>esfagno acendido</p>	<p>blushing bog-moss</p>
<p><i>Sphagnum nitidulum</i></p>	<p>esfagno dos Azores</p>	
<p><i>Sphagnum obtusum</i></p>	<p>esfagno obtuso</p>	<p>obtuse peat moss</p>
<p><i>Sphagnum palustre</i> (= <i>Sphagnum cymbifolium</i>)</p>	<p>esfagno palustre</p>	<p>blunt-leaved bog-moss prairie sphagnum</p>
<p><i>Sphagnum pylaisii</i> (= <i>Sphagnum pylaesi</i>)</p>	<p>esfagno de La Pylaie</p>	<p>Pylaes' sphagnum Pylaes' peat moss</p>
<p><i>Sphagnum recurvum</i></p>	<p>esfagno recurvo</p>	<p>recurved sphagnum</p>
<p><i>Sphagnum rubellum</i> (= <i>Sphagnum calpillifolium</i> var. <i>rubellum</i>)</p>	<p>esfagno rubio</p>	<p>red bog-moss</p>
<p><i>Sphagnum russowii</i> (= <i>Sphagnum cymbifolium</i>)</p>	<p>esfagno de Russow</p>	<p>Russow's bogmoss Russow's sphagnum</p>
<p><i>Sphagnum subnitens</i></p>	<p>esfagno lustroso</p>	<p>lustrous bog-moss</p>
<p><i>Sphagnum subsecundum</i></p>	<p>esfagno fino</p>	<p>slender cow-horn bog-moss</p>
<p><i>Sphagnum subsecundum</i> var. <i>rufescens</i> (= <i>Sphagnum rufescens</i>) (= <i>Sphagnum denticulatum</i> var. <i>rufescens</i>) (= <i>Sphagnum lescurii</i> var. <i>rufescens</i>) (= <i>Sphagnum squarrosum</i> var. <i>rufescens</i>)</p>	<p>esfagno avermellado</p>	
<p><i>Sphagnum tenellum</i></p>	<p>esfagno delicado</p>	<p>soft bog-moss delicate peatmoss</p>

Clase: **Politricópsidas (Polytrichopsida)**

Orde: Politricais (Polytrichales)		
Familia: Politricáceas (Polytrichaceae) : musgóns, dawsonias		
